

Na SALA X, Sala de Exposicións do Campus de Pontevedra

ÁLVARO NEGRO CARLOS NIETO

DO WE OWE TO LIGHT?

TRANSCURSOS#2

- Inaugúrase o vindeiro xoves 9 de outubro ás 20.00 horas, na Sala *X, a segunda edición de *TRANSCURSOS*, programa expositivo dedicado a artistas que se formaron na Facultade de Belas Artes de Pontevedra
- Nesta exposición Álvaro Negro e Carlos Nieto tenden pontes entre o pasado e o presente, mostrando obras recentes en diálogo con obras realizadas na década dos 90
- *TRANSCURSOS#2* permanecerá aberta até o 20 de novembro

TRANSCURSOS é unha liña expositiva da **Sala X** que revisita a obra de artistas que, formándose na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, desenvolveron unha prolongada e destacada traxectoria profesional.

Nsta segunda edición traemos “de volta a casa” a **Carlos Nieto** (Ourense, 1969) -que empezou os seus estudos en Belas Artes coa apertura da Facultade en 1990- e a **Álvaro Negro** (Lalín, 1973) - que formou parte da súa segunda promoción.

Son artistas con proxectos artísticos sólidos, importantes, de perfecta coherencia. Teñen sido referentes de subsecuentes xeracións e especialmente inescusables para quen teña investigado nos ámbitos do video, da pintura e das súas aperturas na arte contemporánea. É neses percorridos cara ás expansións e derivas das tradicionais disciplinas onde os seus intereses e procuras converxen: Álvaro Negro e Carlos Nieto subscriben a mesma pregunta, *Do We Owe to Light?*

Os traballos escollidos para esta exposición son representativos das súas respectivas traxectorias e indagacións estéticas. E, especificamente para esta mostra, ambos tenderon pontes entre presente

e pasado baixo un mesmo xesto: revisitando obras realizadas na década dos 90 en diálogo e en contraposición con obras de produción moi recente; mirando o traballo actual á luz das primeiras preguntas.

As obras en exposición de **Álvaro Negro**, trazando fortes nexos entre os inicios e actuais traballos, flúe entre a pintura, a escultura, a imaxe en movemento e a fotografía. Empregando soportes, técnicas e medios -aparentemente dispares- harmoniza preocupacións formais como a composición bidimensional, a variación tonal ou a repetición de elementos.

Así, no vídeo gravado na ruína dunha casa unifamiliar deseñada por Vittorio Gregotti en A Estrada -paralizada na súa primeira fase de construción- o edificio é para Álvaro Negro un medio desde onde facer aflorar a forma: a exploración da arquitectura é ocasión para compor o plano; o percorrido da cámara polas súas columnas, ocos ou vans devólvenos unha imaxe abstracta.

Carlos Nieto expón tres pezas en vídeo. Dous delas -en monocanal, branco e negro, sen son- son de mediados e finais dos 90. Os seus vínculos residen na formulación a nivel de estrutura e na percepción, a variación e a consistencia, a nivel conceptual. Con todo, unha destas obras foi repensada desde o presente: o transcurso destes anos permitiulle reprocessala e reeditala desde novas perspectivas e, por primeira vez, a mostra ao público.

O terceiro traballo en vídeo de Carlos Nieto, de 2014, contrasta cos anteriores non só por acoller a cor e o son -ou a alta definición, propia do presente- senón por establecer un diálogo, en termos de réplica, respecto das estratexias de posta en escena e a forma de tratar a relación imaxe-tempo-representación que caracterizaran aos seus anteriores traballos.

A exposición **TRANSCURSOS#2** inaugurarase o vindeiro xoves 9 de outubro, a partir das 20.00 horas, na Sala X, Sala de Exposicións do Campus de Pontevedra, Facultade de Belas Artes. A exposición poderá visitarse de luns a venres laborables entre as 12.00 e as 14.00 e de 19.00 a 21.00 horas até o 20 de novembro.

Arquivos adxuntos:

- Álvaro Negro. Sen título, 2014. Instalación de vídeo HD multicanal, cor, son estéreo, dimensións variables
- Álvaro Negro. Sin título, 2012, impresión en papel de algodón Hanemhulle Photograph 320, 46,56 X 57,77
- Carlos Nieto. Sen título. Fotografía dixital, medidas variables, 2014
- Carlos Nieto. Sen título. Fotografía dixital, medidas variables, 2014

Para máis información:

- Mar Caldas / Comisaria da exposición / 620.74.12.18 /
- Ignacio Barcia / Coordinador da Sala X, Sala de Exposicións do Campus de Pontevedra /
- 986.801807 /sala-x@uvigo.es